



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: Aprobación da composición e da delegacións de competencias da Alcaldía en favor da Xunta de Goberno Local.**

**Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Xestión de integrantes)**

**Expte. TEDEC: 2023/G003/000468 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vistos que en data 17/06/2023 celébrase sesión plenaria extraordinaria, de conformidade e cos requisitos marcados polo artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, resultando electo Alcalde deste Concello don Jose Antonio Pereira Gil, con DNI 32828782P, por seis votos a favor e cinco votos en contra.

Visto que na sesión plenaria ordinaria celebrada o mércores 12 de xullo de 2023 acordouse a creación da Xunta de Goberno Local.

Vista a regulación contida no artigo 23 da Lei 7/1985 así como nos artigos 52 e ss. Do Real Decreto 2568/1986, referente ó réxime e composición da Xunta de Goberno Local.

Visto que é vontade do equipo de Goberno que a composición da Xunta de Goberno Local sexa a seguinte:

- Don Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do Concello da Baña.
- Dona Mónica González Blanco, Primeira Tenente de Alcalde do Concello da Baña.
- Don Jesús Manuel Pena Varela, Segundo Tenente de Alcalde do Concello da Baña. Désígnase a dona Vanessa Gil Vilacoba como suplente, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde do Concello da Baña.

Visto que o Alcalde pode delegar determinadas competencias en favor da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigos 21 e 23 da Lei 7/1985.

Visto que é vontade desta Alcaldía delegar as seguintes competencias en favor da Xunta de Goberno Local en consonancia co réxime de delegación establecido con carácter xeral nos artigos 8 e ss. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

- Inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagos e render contas; sempre de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.
- O outorgamento das licencias, agás que as leis sectoriais llo atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.
- A contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cuxa contía no exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin do 50 por 100 do límite xeral aplicable á contratación directa, así como de todos aqueles outros que, excedendo da citada contía, teñan unha duración non superior a un ano ou non esixan créditos superiores ós consignados no Orzamento anual.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.-** Aprobar que a composición da Xunta de Goberno Local sexa a seguinte:

- Don Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do Concello da Baña.
- Dona Mónica González Blanco, Primeira Tenente de Alcalde do Concello da Baña.
- Don Jesús Manuel Pena Varela, Segundo Tenente de Alcalde do Concello da Baña. Desígnase a dona Vanessa Gil Vilacoba como suplente, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde do Concello da Baña.

**Segundo.-** Aprobar a delegación das seguintes competencias en favor da Xunta de Goberno Local en consonancia co réxime de delegación establecido con carácter xeral nos artigos 8 e ss. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:

- Inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar pagos e render



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

contas; sempre de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.
- O outorgamento das licencias, agás que as leis sectoriais llo atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.
- A contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cuxa contía no exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin do 50 por 100 do límite xeral aplicable á contratación directa, así como de todos aqueles outros que, excedendo da citada contía, teñan unha duración non superior a un ano ou non esixan créditos superiores ós consignados no Orzamento anual.

**Terceiro.-** Remitir a resolución deste nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación no mesmo.

**Cuarto.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Baña

**Quinto.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno o señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### CERTIFICADO ACORDO PLENARIO

Expte. TEDEC: 2023/G010/000008

Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do Concello da Baña (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de organización con data do 12 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"2.- Aprobación, se procede, da creación da Xunta de Goberno Local e do réxime de periodicidade das súas sesións.**

**Asunto: aprobación da creación da Xunta de Goberno Local, do réxime de periodicidade das sesións e delegación de competencias.**

**Expte. TEDEC: 2022/X999/000076 (Elect.).**

**Expte. TEDEC: 2023/G006/000106 (Proposta).**

**Expte. TEDEC: 2023/G010/000008 (Pleno).**

Visto que segundo se establece nos artigos 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, a creación da Xunta de Goberno Local é competencia plenaria nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

Visto que o Concello da Baña conta cunha poboación, segundo o recollido nos datos emitidos pola oficina do padrón de habitantes en data 10 de xullo de 2022, de 3.322 habitantes.

Visto que é vontade do equipo de Goberno a creación da Xunta de Goberno e establecer unha periodicidade dunha sesión ordinaria cada quince días, para a xestión eficaz dos asuntos municipais.

Visto que é vontade do equipo de goberno que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local teñan lugar na Casa Consistorial, sendo a primeira sesión ordinaria o venres 29 de xullo a partires das 9:00. O resto de sesións ordinarias da Xunta de Goberno distarán 15 días naturais e terán lugar no horario que se estableza na convocatoria, que preferiblemente será ás 9:00h. Poderase desprazar a data e hora da celebración da sesión preestablecida de forma excepcional.

Visto que segundo o artigo 23 da Lei 7/1985 a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ó terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó Pleno.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

Visto que é vontade do equipo de goberno que a composición da Xunta de Goberno sexa a seguinte, a cal será aprobada por resolución de Alcaldía:

- Presidente: o señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil.
- Dona Mónica González Blanco.
- Don Jesús Manuel Pena Varela. Desígnase a dona Vanessa Gil Vilacoba como suplente.

Visto que lle corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude do referido artigo 23 da Lei 7/1985 a asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións, e aquelas outras que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Visto o artigo 22 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que no seu apartado cuarto se establecen as limitacións ás delegacións de competencias en favor doutros órganos municipais.

Visto que é vontade do equipo de goberno delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenas:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non figuren previstos nos orzamentos. Agás no relativo ó Plan de Obras e Servizos Provincial.

Visto que a asistencia ás sesións da Xunta de Goberno dará dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

En virtude do disposto nos artigos 98 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, este Pleno acorda, con 6 votos a favor correspondentes ao Grupo Municipal Socialista do Concello da Baña – PSOE (5) e do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (1), 0 votos en contra e 5 abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, o seguinte:

**Primeiro:** Aprobar a creación da Xunta de Goberno Local do Concello da Baña, así como o réxime de periodicidade das sesións ordinarias, que terán lugar na Casa Consistorial, sendo a primeira sesión ordinaria o venres 29 de xullo a partires das 9:00h. O resto de sesións ordinarias da Xunta de Goberno distarán 15 días naturais e terán lugar no horario que se estableza na



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

convocatoria, que preferiblemente será ás 9:00h. Poderase desprazar a data e hora da celebración da sesión preestablecida de forma excepcional.

**Segundo.** Aprobar a delegación das seguintes competencias plenarias en favor da Xunta de Goberno:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non figuren previstos nos orzamentos. Agás no relativo ó Plan de Obras e Servizos Provincial.

**Terceiro.** Acordar que a asistencia ás sesións da Xunta de Goberno dará dereito ó cobro de dietas por asistencia. A súa contía determinarase polo Pleno da Corporación no seo das bases de execución do orzamento de cada exercicio, porén, fíxanse na contía de 75€ por concelleiro/a e sesión, coas limitacións que o ordenamento xurídico estableza.

**Cuarto.** Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.”

E para que así conste, agás erro ou omisión involuntaria, expido a presente certificación, de orden e co visto e praxe do señor Alcalde, na Baña á data da sinatura dixital.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.**